



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO. AUGAS DE GALICIA. SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Pedro Fernandez Reigosa solicita de Augas de Galicia autorizaciónde obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.51729

As obras solicitadas consisten na regularización do terreo da finca nº 1367 da concentración parcelaria mediante recheo na zona de policía do rego do Fargallo no lugar de A Seara da parroquia de Mor do Concello de Alfoz (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Alfoz ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 25 de agosto de 2016, A xefa da sección de DPH, Beatriz Cobelas Martínez

R. 2619

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SECCIÓN DE ACTAS

Anuncio

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (LSSG), ten por obxecto estruturar e regular, como servizo público, os servizos sociais nesta Comunidade Autónoma para a construción do sistema galego de benestar, entendendo por **servizos sociais** o conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan o logro de diversos obxectivos, entre os que se atopan: facilitar alternativas, recursos e itinerarios de integración social a aquelas persoas que se atopan en situación ou en risco de exclusión social; garantir a vida independente e a autonomía persoal das persoas en situación de dependencia; previr a aparición de calquera situación de dependencia, exclusión, desigualdade ou desprotección ás que fan referencia os obxectivos anteriores e promover e garantir o dereito universal da cidadanía galega ao acceso aos servizos sociais, garantindo a suficiencia orzamentaria que asegure a súa efectividade.

O **sistema galego de servizos sociais**, segundo o artigo 4º.-Principios xerais dos servizos sociais da LSSG, réxese polos principios de: universalidade; prevención; responsabilidade pública; igualdade; equidade e equilibrio territorial; solidariedade; acción integral e personalizada; autonomía persoal e vida independente; participación; integración e normalización; globalidade; descentralización e proximidade; coordinación; economía, eficacia e eficiencia; planificación; avaliación e calidade.

De conformidade co previsto no artigo 60.Competencias dos concellos, da LSSG correspóndenlles a estes, no marco da **planificación e ordenación xeral do sistema galego de servizos sociais**, a competencia, entre outras, da creación, a xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos, así como, da xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios específicos, sen prexuízo do establecido no artigo 59º i da

citada lei 13/2008, debendo garantir todos os concellos de Galicia, como mínimo, a prestación de **servizos sociais comunitarios básicos** de titularidade municipal.

Tras a entrada en vigor o pasado 31 de decembro de 2013 da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL), o artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL) xa non inclúe a prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social entre as materias sobre as que os municipios exercerán competencias propias, en cambio, considerase materia de competencia propia municipal a avaliación e información, de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social. De conformidade co disposto no apartado 5 da Disposición Transitoria Segunda da LRSAL, ata que se produza a asunción polas Comunidades Autónomas, os concellos deberán seguir prestando os mesmos servizos sociais que viña prestando antes da entrada en vigor da LRSAL.

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece na súa disposición adicional primeira as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á servizos sociais. Deste xeito, a disposición adicional cuarta da citada Lei galega, regula a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais, establecendo que as competencias que debe asumir a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de servizos sociais en cumprimento das disposicións da LRSAL, continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela.

As deputacións provinciais, de conformidade co previsto no artigo 31. Competencias das deputacións provinciais do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, así como, coa normativa citada de LRBRL, de LSSG e a LRSAL, proporcionaranlles asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais, especialmente na prestación de **servizos sociais comunitarios básicos** por aqueles concellos con menos de 20.000 habitantes

O artigo 11 da citada LSSG establece como funcións dos **servizos sociais comunitarios básicos**, a xestión do **servizo de axuda no fogar**, así como a participación na xestión das prestacións destinadas a garantir a autonomía persoal e a atención á dependencia, nos termos establecidos na normativa que resulte aplicable. Así e en consonancia co principio de autonomía persoal e vida independente, entre outros, a LSSG recolle no seu artigo 20, o servizo de teleasistencia social, como un servizo ou actuación de natureza tecnolóxica, cuxo obxecto é a prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia o similares. Este servizo de teleasistencia social está enmarcado, con carácter complementario, dentro do **Servizo de Axuda no Fogar (SAF)**, servizo mediante o cal se prestan un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora, para facilitar o seu desenvolvemento persoal e a permanencia no seu medio habitual, especialmente naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía ou noutras situacións de risco social para as cales resulte un recurso idóneo, tal e como establece, a Orde 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar.

O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, establece no seu artigo 7. b) como requisito xeral dos centros e programas de servizos sociais, dispoñer dunhas normas de funcionamento, visadas polo órgano competente, en materia de autorización e inspección de servizos sociais, da Xunta de Galicia, que garanta o respecto ao dereito das persoas usuarias e establezan as condicións de prestación e desenvolvemento dos servizos.

Coa aprobación entrada en vigor do Decreto 99/2012, faise necesario adaptar a normativa existente en materia de axuda no fogar, e por ende, das actuación ao abeiro do mesmo, como é o caso da Teleasistencia, co fin de cumprir co establecido na disposición derradeira primeira do citado decreto.

En consecuencia, e coa finalidade de garantir unha equidade, calidade, axilidade e intensidade homoxéneas nos tipos de atención e os criterios de accesos das persoas usuarias, a Deputación de Lugo, de conformidade co marco normativo de referencia, que lles confire a potestade regulamentaria, e de autoorganización dentro da esfera das súas competencias, pretende con esta ordenanza regular os requisitos e condicións da prestación do servizo actual de teleasistencia da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

O Decreto 99/2012, establece que o SAF poderá prestarse a calquera persoa ou unidade de convivencia para as cales, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu medio inmediato, en todo caso, o conxunto de atencións do programa de axuda no fogar terá un carácter de apoio e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu medio inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.

A Excm. Deputación Provincial de Lugo dende o ano 1998 leva a cabo o Programa da Teleasistencia Domiciliaria, diferenciando, principalmente, dúas etapas: a primeira é a comprendida entre os anos 1998 e 2012, neste período existía unha adhesión por parte desta entidade local ao convenio-marco asinado entre o IMSERSO e a FEMP do 20 de abril de 1993. Este convenio de adhesión da Deputación co Programa Estatal de

Teleasistencia domiciliaria foi complementado con convenios de colaboración con cada un dos concellos adheridos ao servizo e coas bases do citado Programa Estatal de Teleasistencia domiciliaria, aprobadas polo IMSERSO. Dentro deste período a Xunta de Galicia participou na cofinanciación do mesmo entre os anos 1998 e 2007. A segunda etapa comprende o período dende o ano 2013 ata o ano 2015 onde o Programa Provincial Teleasistencial desenvólvese ao abeiro dos convenios de colaboración marco asinados entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e os diferentes concellos da provincia de Lugo para o desenvolvemento dun Programa de Teleasistencia, nos cales reflectíase o financiamento e achegas das entidades, a xestión do servizo, etc. A cláusula sexta relativa ao financiamento e achegas das entidades foi modificado no ano 2015, asumindo o 100% do custo total real do servizo esta entidade provincial.

Analizada a traxectoria e o desenvolvemento do Programa de Teleasistencia Domiciliaria, despois de valorar o rendemento social que achegou e que permite que as persoas con necesidades de apoio, en situación de risco físico ou psíquico, ou por razóns sociosanitarias, permanezan no seu entorno,ponse de manifesto a necesidade e por parte desta Administración Local a vontade de dar continuidade a prestación deste programa, en tanto sexa compatible coas funcións e competencias que determinen a lei ou en tanto puidá colaborar nas que esta lle asigne aos concellos. A Excm. Deputación Provincial de Lugo pretende consolidar esta prestación e adaptala ás novas circunstancias socio-económicas, intentando superar os estándares de calidade e superar o nivel de satisfacción dos usuarios/as actuais, sendo este o motivo da actualización da regulación deste servizo, a través desta ordenanza do Servizo de Teleasistencia Social no Fogar.

TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto

É obxecto da presente ordenanza regular a prestación, por parte da Deputación Provincial de Lugo, do Servizo de Teleasistencia Social no Fogar prestado por esta administración local, na provincia de Lugo, mediante o establecemento dun Baremo Único Provincial, para o acceso ao Servizo de Teleasistencia Social no Fogar nos municipios da provincia de menos de 20.000 habitantes, cuxos cidadáns empadroados nos mesmos e que por razón de idade, enfermidade, risco ou vulnerabilidade física, psíquica ou concorrencia de discapacidade, precise da asignación deste recurso para mellorar a súa calidade de vida e apoiar a permanencia no seu entorno habitual.

Artigo 2. Definición do servizo

1. O Servizo de Teleasistencia Social no Fogar é unha prestación social de atención inmediata, enmarcado dentro dos Servizos Sociais Comunitarios, que permite a mobilización de recursos ante unha situación de emerxencia ou necesidade domiciliaria, social ou sanitaria, mediante o emprego de dispositivos telemáticos de uso sinxelo. A teleasistencia funciona a través dunha liña telefónica e/ou cun equipamento de comunicacións e informática específicos, que permite que os usuarios/as, ante unha situación de emerxencia ou necesidade, se conecte inmediatamente cun Centro de Atención de Teleasistencia (CAT), atendido por un equipo de profesionais cualificados e preparados para dar resposta inmediata ante calquera situación de soidade, necesidade de apoio ou emerxencia, avisando aos servizos públicos de emerxencia, corpos de seguridade, familiares en caso necesario ás 24 horas, os 365 días do ano.

As comunicacións entre o usuario/a e o CAT, poden ser de dous tipos:

- a) De emerxencia. En resposta a demandas de atención recibidas a través da liña telefónica.
- b) De seguimento. O persoal do CAT contactará cos usuarios/as para poder facer un seguimento, de control da axenda médica (citas médicas, tomas das mediacións, etc.), de apoio psicolóxico, emocional, etc, así como, para poder estimar a posible intervención anticipada ante unha situación de risco ou necesidade.

Artigo 3. Ámbito

O ámbito de aplicación desta ordenanza é o Servizo de Teleasistencia Social no Fogar dependente da Excm. Deputación Provincial de Lugo e que se circunscribe ao territorio do ámbito de actuación desta Administración Local.

Artigo 4. Modalidade

O Servizo de Teleasistencia Social no Fogar dependente da Excm. Deputación Provincial de Lugo poderá prestarse ben mediante xestión directa cos seus propios recursos o ben por xestión indirecta, mediante as diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos reguladas na normativa vixente sobre contratos do sector público, a través de entidades privadas debidamente autorizadas.

Artigo 5. Finalidade e obxectivos

A finalidade do servizo é favorecer a permanencia e integración no entorno familiar e social habitual das persoas que malia teren limitacións na súa autonomía ou por atoparse en situación de risco ou illamento social, e non precisan de atención permanente presencial, si poidan ter a seguridade de que ante unha situación de emerxencia domiciliaria ou soidade, que implique risco para a súa persoa, poidan contactar de forma inmediata co CAT, garantindo unha comunicación permanente as vinte e catro horas do día todos os días do ano.

Un dos obxectivos xerais e primordial da teleasistencia é evitar o internamento en centros residenciais e favorecer a permanencia no seu entorno habitual o maior tempo posible das persoas maiores, ou aquelas, que

polas súas limitacións na autonomía, ou por atoparse en situación de risco ou vulnerabilidade sociosanitaria, precisan dunha supervisión permanente e non presencial, ante diversas situacións de risco, ou emerxencia domiciliaria, social ou sanitaria, ou dunha atención urxente e inmediata. O servizo persegue evitar os grandes custes persoais e sociais que implican o desarraigo do medio habitual de vida.

Os obxectivos específicos da teleasistencia son:

- Manter a conexión permanente entre o usuario/a e o Centro de Atención de Teleasistencia (CAT).
- Dar apoio e atención inmediata ante situacións de urxencia ou necesidade mobilizando, se fora necesario, os recursos propios e alleos que existan na súa zona.
- Servir de enlace entre o usuario/a e o entorno sociofamiliar.
- Potenciar as redes sociais de apoio (apoio a familiares e cuidadores/as).
- Favorecer a comunicación entre os usuarios/as e o seu entorno evitando o illamento social e a soidade.
- Ofrecer o servizo complementario de “axenda” de usuario, que permita lembrarlle a necesidade de realizar unha actividade concreta nun momento predeterminado (toma de medicamentos, citas médicas ...).

Artigo 6. Financiamento do servizo

Servizo de Teleasistencia Social no Fogar financiarase con fondos propios desta Administración Local ao 100% na modalidade de Teleasistencia no Fogar, dotando economicamente no seu orzamento anual os créditos correspondentes ao financiamento do servizo, sempre tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias da institución provincial.

Artigo 7. Incompatibilidades.

Será incompatible o Servizo de Teleasistencia Social no Fogar dependente da Excm. Deputación Provincial de Lugo, con calquera outro servizo ou prestación análoga, que non sexa complementaria, prestada ou financiada dalgún xeito por unha entidade de carácter público ou privado.

TÍTULO II. O SERVIZO DE TELEASISTENCIA

CAPÍTULO I. OS USUARIOS/AS

Artigo 8. Usuarios/as.

Poderán ter a condición de usuarios/as as persoas que cumpran os seguintes requisitos de acceso:

- a) Estar en situación de necesidade, vulnerabilidade ou risco por razóns sociais (idade, nivel de renda, localización da vivenda, etc.) ou sanitarias (discapacidade, enfermidades, sexan estas de carácter crónico ou transitorio, etc.).
- b) Ter liña telefónica (compatible cos dispositivos do sistema de Teleasistencia desta Deputación Provincial) e subministración de enerxía eléctrica no domicilio no que se ten que implantar o servizo.
- c) Non padecer limitacións ou incapacidades que impidan entender e usar axeitadamente os dispositivos do Servizo de Teleasistencia Social no Fogar.
- d) Estar empadroados nun concello de menos de 20.000 habitantes que estea adherido ao Servizo de Teleasistencia Social no Fogar, sen menoscabo do sinalado na disposición transitoria primeira, desta ordenanza. No caso dos usuarios/as xa incorporados ao Servizo de Teleasistencia Domiciliaria da Deputación de Lugo a data 31 de marzo de 2016, seguirán pertencendo ao programa para evitar unha situación de desprotección aos mesmos, mentres a administración competente non lle facilite o acceso ao programa de Teleasistencia correspondente, ou causen baixa por outros motivos.
- e) Ter designada unha persoa de contacto coa que se poida contactar en caso de necesidade e que, a súa vez, teña acceso ás chaves da vivenda do usuario, para a súa utilización no caso de necesidade de acceso nunha emerxencia.
- f) Non ter recoñecida a situación de dependencia no marco da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

A adquisición da condición de usuario/a obterase mediante Resolución da Presidencia da Excm. Deputación Provincial de Lugo, previa solicitude por parte do interesado/a e valoración da mesma segundo aplicación do Baremo Único Provincial, Informe Social e demais consideracións legais e técnicas de aplicación por parte dos técnicos pertencentes á Área de Benestar Social desta entidade local.

Artigo 9. Clases de usuarios/as do servizo.

Os usuarios/as do servizo poderán selo baixo as seguintes modalidades:

- a) Usuario directo ou usuario principal. O titular e usuario do Servizo de Teleasistencia Social no Fogar disporá do terminal da persoa usuaria e da unidade de control remoto. Reúne todos os requisitos da persoa usuaria.

- b) Usuario adicional ou usuario beneficiario con UCR. Persoa que convivindo co titular do servizo, reúne os requisitos para ser persoa beneficiaria do servizo. Dispoñerá dunha unidade de control remoto adicional para o seu uso exclusivo. Este substituirá a persoa titular no caso de causar baixa.
- c) Usuario indirecto ou usuario beneficiario sen UCR. Persoa que convivindo co titular do servizo e necesitando as prestacións e atencións que este proporciona, carece de capacidade física, psíquica o sensorial para poder utilizar por si mesmo esta atención. Este usuario indirecto non ten unidade de control remoto e debe ser dado de baixa cando o sexa o titular, salvo que pase a depender doutra persoa usuaria titular coa que tamén conviva.

Artigo 10. Dereitos dos usuarios/as.

Os usuarios/as do Servizo de Teleasistencia Social no Fogar terán dereito a:

- a) Recibir as prestacións técnicas que articula o Servizo de Teleasistencia nas condicións previstas nesta ordenanza.
- b) Estar informados dos aspectos relevantes do contido do servizo e daqueles estipulados na presente ordenanza.
- c) Que a prestación do servizo supoña a menor intromisión posible no dereito a intimidade persoal do usuario.
- d) Comunicar, aos servizos sociais do concello ao que pertenza ou ao Servizo de Benestar Social de Deputación Provincial de Lugo, calquera anomalía significativa que se produza no funcionamento do Servizo de Teleasistencia.
- e) Á privacidade e protección dos seus datos persoais nos termos establecidos na normativa vixente.

Artigo 11. Obrigas dos usuarios/as.

Os usuarios/as do Servizo de Teleasistencia Social no Fogar están obrigados a:

- a) Usar de xeito adecuado o equipo de Teleasistencia, conservándoo en bo estado.
- b) Designar a unha persoa de contacto coa que se poida contactar en caso de necesidade e que, a súa vez, teña acceso as chaves da vivenda do usuario, para a súa utilización no caso de necesidade de acceso nunha emerxencia, así como, manter actualizada a información relativa a esta persoa (cambios na designación da persoa, dos datos de contacto da mesma, etc).
- c) Manter operativa a liña telefónica compatible co sistema, realizando, no seu caso, as xestións que resulten necesarias ante a empresa provedora de devandita liña, así como, do subministro eléctrico.
- d) Solicitar motivadamente a suspensión do servizo cando concorran circunstancias que imposibiliten a súa prestación temporal durante un tempo superior a 30 días.
- e) Poñer en coñecemento dos servizos sociais do concello, ao que pertenza, ou ao Servizo de Benestar Social de Deputación Provincial de Lugo calquera variación das circunstancias persoais, sociais ou sanitarias que motivaron a adxudicación do servizo.
- f) Colaborar na realización de probas periódicas dirixidas a asegurar o correcto funcionamento do equipo e do servizo, incluídos os accesos á vivenda dos supervisores tanto técnicos como dos servizos sociais municipais e provinciais, debidamente acreditados.
- h) Colaborar nas inspeccións realizadas pola Excm. Deputación Provincial de Lugo dirixidas a comprobar o servizo, incluídos os accesos á vivenda dos técnicos ou servizos sociais provinciais, debidamente acreditados.

CAPÍTULO II. PROCEDIMENTO DE ACCESO AO SERVIZO

Artigo 12. Solicitud.

O procedemento para o acceso ao Servizo de Teleasistencia Social no Fogar iniciarase a pedimento de parte. Os cidadáns que desexen acceder ao servizo poderán solicitalo dende:

- Os servizos sociais do concello no que resida, como forma habitual.
- Servizo de Benestar Social da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

1. Solicitud a través dos servizos sociais dos concellos.

Os interesados/as deberán poñerse en contacto cos servizos sociais do concello onde se atopan empadroados, para que o/a traballador/a social, lle xeren o documento de solicitud no seu nome, previa autorización polo solicitante, recollida no anexo I desta ordenanza. Dende o concello remitirase por rexistro á Servizo de Benestar Social da Excm. Deputación Provincial de Lugo, para a súa avaliación final. A solicitud remitiráselle á deputación polos medios previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXAPPC), e acompañada obrigatoriamente da seguinte documentación:

- a) Anexo I de solicitude debidamente cumprimentado, segundo o modelo establecido nesta ordenanza.
- b) Fotocopia do Documento Nacional de Identidade ou do Número de Identificación de Estranxeiros da persoa solicitante e, no seu caso, do seu representante legal.
- c) Fotocopia da tarxeta de asistencia sanitaria do solicitante .
- d) Certificado de empadramento da persoa solicitante, que deberá incluír a relación de todas as persoas empadroadas no mesmo domicilio.
- e) Anexo II. Informe social valorando a necesidade ou idoneidade do servizo de teleasistencia, para o/a solicitante. O informe axustarase ao modelo que figura como anexo II. O informe deberá realizarse polos servizos sociais comunitarios (traballador/a social) do concello onde se atope empadroadado. No caso de que por axilidade na tramitación e co fin de non colapsar estes, poderase derivar a realización do citado informe á Deputación Provincial de Lugo, sendo realizado pola traballador/a social habilitado para tal efecto.
- f) Anexo III. Baremo Único Provincial valorando os criterios de acceso ao servizo de teleasistencia, para o solicitante. O anexo deberá ser cumprimentado polos servizos sociais comunitarios (traballador/a social) do concello onde se atope empadroadado. No caso de que por axilidade na tramitación e co fin de non colapsar estes, poderase derivar a realización do citado informe á Deputación Provincial de Lugo, sendo realizado pola traballador/a social habilitado para tal efecto.
- h) Calquera outra documentación, de valor probatorio, que se considere necesaria para a avaliación dos criterios establecidos nesta ordenanza (certificado de discapacidade, etc).

2. A través do Servizo de Benestar Social da Deputación Provincial de Lugo.

Os interesados/as presentarán por calquera dos medios previstos pola LRXAPPC, a solicitude segundo o modelo establecido aos efectos nesta ordenanza. A solicitude acompañarase obrigatoriamente da seguinte documentación:

- a) Fotocopia do Documento Nacional de Identidade ou do Número de Identificación de Estranxeiros da persoa solicitante e, no seu caso, do seu representante legal.
- b) Fotocopia da tarxeta de asistencia sanitaria do solicitante .
- c) Certificado de empadramento da persoa solicitante, que deberá incluír a relación de todas as persoas empadroadas no mesmo domicilio.
- d) Anexo II. Informe social valorando a necesidade ou idoneidade do servizo de teleasistencia axustado ao modelo que figura como anexo II, elaborado polos servizos sociais comunitarios (traballador/a social) do concello onde se atope empadroadado o solicitante, ou solicitude para que este sexa elaborado polo/a traballador/a social habilitado para tal efecto por parte da Deputación de Lugo.
- e) Anexo III. Baremo Único Provincial valorando os criterios de acceso ao servizo de teleasistencia, para o solicitante. O anexo deberá ser cumprimentado polos servizos sociais comunitarios (traballador/a social) do concello onde se atope empadroadado o/a solicitante, ou solicitude para que este sexa elaborado polo/a traballador/a social habilitado para tal efecto por parte da Deputación de Lugo.
- f) Calquera outra documentación, de valor probatorio, que se considere necesaria para a avaliación dos criterios establecidos nesta ordenanza (certificado de discapacidade, etc).

En ningún caso, agás que por razóns técnicas e de operatividade así o aconsellasen e previo visto e prace dos/as técnicos, se elaborarán dende a Deputación Informes Sociais de persoas que estean incursas nun plan, programa o acción dos servizos sociais comunitarios dos concellos, por entender que as actuacións deben ter unha coordinación e adecuación no seu conxunto e non de maneira illada ou fragmentada. Dende a Deputación de Lugo comunicarase por escrito, unha vez recibida a solicitude por parte dun interesado/a, ao concello onde se atopa empadroadado dita petición, co obxecto de que o Traballador/a Social sinala si procede, ou non, a avaliación social por parte do experto/a da entidade provincial. No caso de ser afirmativa a decisión, unha vez pechado o expediente, remitirase copia do mesmo aos servizo sociais comunitarios correspondentes.

Artigo 13. Baremo Único Provincial.

Establécese un criterio único provincial para a valoración das solicitudes de Teleasistencia, do seguinte xeito:

- I. Saúde e autonomía (máximo nesta apartado 25 puntos).
 1. Idade. (7 puntos máximo)
 - menor de 65 anos: 1 puntos
 - de 65 ata 69 anos: 2 puntos
 - de 70 ata 75 anos: 3 puntos
 - de 76 ata 80 anos: 4 puntos

- de 81 ata 85 anos: 5 puntos
 - de 86 ata 90 anos: 6 puntos
 - máis de 91 anos: 7 puntos
2. Autonomía persoal. (18 puntos máximo)
1. Grao de discapacidade (3 puntos máximo).
 - do 33% ata o 65%: 1 puntos
 - do 66% ata 75%: 2 puntos
 - máis de 75%: 3 puntos
 2. Grao de autonomía. (9 puntos máximo)
 1. Grao de mantemento de coidados da súa saúde (seguir prescricións médica, tanto farmacéuticas, como de hábitos de vida, axenda médica, etc.). (3 puntos máximo)
 - en autonomía total: 1
 - necesita apoio puntual: 2
 - necesita apoio: 3
 2. Grao de autonomía no uso do teléfono. (3 puntos máximo)
 - ten autonomía total: 1
 - necesita apoio puntual: 2
 - necesita apoio: 3
 3. Grao de autonomía na toma de decisións. (3 puntos máximo)
 - ten autonomía total: 1
 - necesita apoio puntual: 2
 - necesita apoio: 3
 3. Situación de vivencia psicolóxica en relación coa soidade. (6 puntos máximo)
 - vive a soidade con tranquilidade: 1
 - vive a soidade con inquietude: 3
 - vive a soidade con ansiedade: 6
- II. Situación social. (20 puntos máximo)
1. Unidade de convivencia. (12 puntos máximo)
 - persoas que viven con familiares e non permanecen moito tempo solos: 3 puntos
 - persoas que viven con familiares e permanecen moito tempo sóas: 6 puntos
 - persoas que viven soas: 9 puntos
 - persoas que viven con familiares que carezan de autonomía ou presenten dificultades físicas, psíquicas o sensoriais: 12 puntos
 2. Prestación apoio por parte de familia , veciños, etc. (8 puntos máximo)
 - recibe prestación de apoio diaria: 2 punto
 - recibe prestación de apoio semanal: 4 puntos
 - recibe prestación de apoio esporádico: 6 puntos
 - non recibe: 8 puntos
- III. Vivenda. (16 puntos máximo)
1. Ámbito da vivenda. (8 puntos máximo)
 - vivenda urbana: 2 puntos
 - vivenda urbana extraradio: 4 puntos
 - núcleo rural: 6 puntos
 - vivenda rural illada: 8 puntos

2. Barreiras arquitectónicas ou características no fogar que aumenten o risco de accidentes domésticos. (8 puntos máximo)

- boa, non existe barreiras/riscos: 0
- regular: existencia dalgunha barreira mellorable da vivenda: 2
- mala: dificultade de acceso ou algunha deficiencia na vivenda: 6
- moi deficiente: graves deficiencias no acceso ou na vivenda: 8

IV. **Valoración** de calquera outra circunstancia suficientemente acreditada de carácter social, psicolóxica ou sanitaria que se considere por parte dos técnicos do Servizo de Benestar Social e/ou polos servizos sociais comunitarios dos concellos en relación coa necesidade e conveniencia do acceso ao Servizo de Teleasistencia no Fogar da Excma. Deputación Provincial de Lugo. (18 puntos máximo).

Artigo 14. Tramitación do expediente.

Unha vez recibidas as solicitudes e a documentación referidas, pola Excma. Deputación Provincial de Lugo, dende o Servizo de Benestar Social, realizaranse os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba realizarse a valoración e pronunciarse a resolución, diferenciándose dous tipos de procedementos: a tramitación do expediente de forma ordinaria e a tramitación do expediente na modalidade de urxencia.

a) Tramitación ordinaria ou normalizada, que será o procedemento a seguir de maneira habitual.

O Servizo de Benestar Social da Excma. Deputación Provincial de Lugo unha vez recibido o expediente por parte dos diferentes concellos, no caso de que a solicitude se atope incompleta ou faltase algún dos documentos requiridos, así como, outra documentación que poida resultar necesaria para a aclaración ou valoración dos criterios establecidos no Baremo Único Provincial, dende entidade provincial requirirase á persoa solicitante, ou aos servizos sociais municipais que tramitaron a solicitude, de acordo co establecido no artigo 71.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, para que emende a falta e acompañe os documentos preceptivos, con apercibimento de que se así non se fixese desistirá da súa solicitude, previa resolución que deberá ditarse nos termos previstos polo artigo 42 da citada Lei 30/1992.

Unha vez completa a solicitude, procederase á valoración da mesma por parte do Servizo de Benestar Social da Excma. Deputación Provincial de Lugo, segundo os criterios establecidos nesta ordenanza, xerando unha listaxe de solicitudes, que serán ordenadas de maior a menor puntuación. A asignación de dispositivos orzamentariamente cubertos realizarase en función desa puntuación.

No caso de empate entre solicitantes, e non existindo dispositivos suficientes para todos eles, para o desempate realizarase unha avaliación posterior seguindo prioritariamente a puntuación obtida en función dos seguintes criterios, e na orde que aquí se establece:

1. Renda da Unidade Familiar, primando a renda máis baixa. (*)
2. Saúde e autonomía
3. Situación social
4. Vivenda
5. Valoración técnica
6. Data da solicitude (por orden cronolóxico de rexistro da solicitude, sendo prioritarias cando máis antiga sexa a a data de rexistro).

A Renda da Unidade Familiar, utilizarase única e exclusivamente no suposto de **empate** na puntuación obtida no Baremo Único da Excma. Deputación Provincial de Lugo Provincial, cando os dispositivos orzamentariamente previstos sexan insuficientes para dar cobertura a todos os solicitantes nesta situación, momento no que entrarase a avaliar a Renda da Unidade Familiar do Solicitante; e para o cal esta Entidade solicitará por escrito aos servizos sociais comunitarios dos concellos aos que pertencen os solicitantes en situación de empate que acheguen a documentación necesaria para avaliar a capacidade económica da unidade familiar, e para o cal se terá en conta os seguintes documentos:

- A declaración do Imposto da Renda das Persoas Físicas, ou a certificación negativa de non estar obrigado a facela, ou certificado de toda clase de pensións percibidas polo solicitante, ou declaración xurada de non percibidas
- No caso de que convivan familiares co solicitante: declaración do Imposto da Renda das Persoas Físicas (ou certificación de non estar obrigado a facela), ou o certificado de toda clase de pensións percibidas (ou declaración xurada de non percibidas) do cónxuxe ou parella de feito e dos ascendentes ou dos fillos menores de 25 anos, ou maiores de 25 anos en situación de discapacidade, que estean economicamente a cargo do solicitante

- No caso de que a solicitude sexa tramitada polos servizos sociais da Deputación de Lugo, estes serán os encargados de solicitar a devandita documentación aos interesado/as. En todo caso, a Excm. Deputación Provincial de Lugo poderá requirir calquera outra documentación, cando así o considere oportuno, para unha axeitada avaliación.

Vista a listaxe de solicitudes, estableceranse o número de prazas ou dispositivos dispoñibles que se determinarán de restar ao contingente total de prazas existentes, ao abeiro da adxudicación vixente, a cantidade de dispositivos xa concedidos e sumando as baixas acaecidas durante o período anterior, sempre e cando estean orzamentariamente cubertas, deixando un 2% de dispositivos sen asignar quedando reservados para casos de urxencia descritos no seguinte punto. As solicitudes que non obteñan a alta tras na avaliación correspondente, pasarán a concorrer no mes seguinte ata que obteñan a alta ou rexeiten da petición feita por parte do interesado. Esta situación de espera poderase comunicar oportunamente a cada un dos solicitantes.

b) Tramitación de urxencia, procedemento excepcional.

A tramitación de urxencia considerase un procedemento excepcional na tramitación de altas no Servizo de Teleasistencia Social no Fogar. A efectos desta ordenanza considérase caso de urxencia a toda situación ou circunstancia excepcional que afecte á persoa solicitante e que polo seu especial risco social, grave crise ou enfermidade, requira un rápido control da persoa solicitante e recomende a prestación inmediata do servizo. O outorgamento deste beneficio extraordinario estará suxeito á existencia de praza vacante orzamentariamente cuberta. Nestes casos, outorgarase este beneficio extraordinario, previa solicitude dos Traballadores/as Sociais e informe por parte do o Servizo de Benestar Social sobre a citada circunstancia e posterior Resolución da Presidencia, sen prexuízo de ser revisada tal situación con posterioridade. En todo caso, o outorgamento deste beneficio extraordinario estará suxeito á existencia de praza vacante e orzamentariamente cuberta.

Artigo 15. Resolución

Visto o informe e listaxe de solicitudes, emitido dende o Servizo de Benestar Social da Excm. Deputación Provincial de Lugo, segundo os criterios establecidos no Baremo Único Provincial desta ordenanza e tendo en conta o número de dispositivos dispoñibles, asignaranse por orden de maior puntuación dos usuarios/as o dispositivo de teleasistencia, sendo estimadas por Resolución da Presidencia. O outorgamento deste beneficio estará suxeito á existencia de prazas vacantes e dotadas orzamentariamente. En todo caso, deixaranse un 2% de dispositivos sen asignar, quedando reservados para casos de urxencia, aos que se lles asignará de maneira directa e inmediata o dispositivo de teleasistencia, as cales tamén deberán estar dotadas orzamentariamente.

Así mesmo, o referido órgano será o competente para cantas incidencias se poidan prantexar ao longo da vixencia desta ordenanza e para a interpretación de calquera dúbida que puidera xurdir da súa aplicación.

A citada Resolución da Presidencia relativa a concesión do servizo non será obxecto de notificación individual, que será substituída pola súa publicación na web da Deputación Provincial, ao abeiro do establecido no artigo 59.6.b) da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. En todo caso, a Deputación poñerase en contacto cos novos usuarios/as e co CAT, informándoos da nova situación de alta.

Os solicitantes en lista de espera poderán en calquera momento solicitar unha nova valoración, se entenden que a súa situación socio-sanitaria sufriu variacións substanciais que puidesen modificar a valoración inicial, achegando para tal valoración unha nova solicitude acompañada solo coa documentación acreditativa que xustifique a nova situación, non sendo necesario presentar novamente a documentación que non variase dende a solicitude inicial, agás, que por motivos de valoración técnica así se requira por parte dos técnicos encargados da aplicación do Baremo Único Provincial.

CAPÍTULO III. FUNCIONAMENTO DO SERVIZO

Artigo 16. Alta dos usuarios/as e posta en marcha.

Unha vez concedida a alta pola Excm. Deputación Provincial de Lugo e acordada co usuario/a, procederase á instalación dos terminais ou dispositivos necesarios para o funcionamento do sistema no domicilio do usuario/a, que se producirá nun tempo non superior aos quince días hábiles dende a data da concesión da prestación. Nos casos nos que, dende Excm. Deputación Provincial de Lugo, se valore como urxente a instalación do servizo, esta deberá realizarse nun prazo máximo de 48 horas dende a súa comunicación ao CAT. A instalación deberá realizarse por operarios/as especializados, que serán responsábeis de ofrecerlle información á persoa usuaria en relación co funcionamento e as características dos dispositivos instalados, así como da demostración de uso de cada un deles.

Deberá achegarse por parte do usuario á Deputación de Lugo, a autorización e compromiso asumido polo mesmo (anexo IV), en relación co Servizo de Teleasistencia Social no Fogar.

O servizo prestarase dende o CAT da entidade que desenvolva a súa xestión técnica, abordándose as situacións que se presenten coa intervención do seu persoal, ou mobilizando recursos de titularidade pública dispoñibles no entorno ou privativos do propio usuario.

En caso de ser necesario, poderase requirir ao usuario un informe médico no que se faga constar as doenzas a ter en conta, así como, as pautas médicas en relacións co desenvolvemento da vida diaria, medicacións e outras indicacións de relevancia para ter en conta polo Servizo de Teleasistencia.

Artigo 17. Mantemento

Cando se detecte unha avaría ou fallo do sistema, procederase á reparación ou substitución do terminal e/ou sistemas periféricos, se é o caso, nas 24 horas seguintes á detección da avaría.

O desprazamento ao domicilio para estes efectos farase sempre logo de concertación de cita coa persoa usuaria e con cargo aos responsables da xestión deste Servizo. Unha vez reparado ou substituído o equipamento, realizaranse novamente as probas que verifiquen o correcto funcionamento do sistema.

Artigo 18. Funcionamento normalizado.

A atención que se presta polo Servizo de Teleasistencia Social no Fogar virá configurada polas comunicacións bidireccionais entre o usuario e o centro de atención. A persoa usuaria debe poder establecer comunicación co CAT, mediante pulsación de terminal ou unidade de control remoto, sempre que o considere necesario. Por seguridade do sistema, a chamada, unha vez xerada polo usuario/a, só pode ser finalizada dende central. Os operadores/as deben dispoñer, a través da aplicación informática, de todos os protocolos de actuación ante urxencias, e ademais deben contar co apoio do supervisor do Centro de Atención.

As comunicacións bidireccionais entre usuario e Centro de Atención clasifícanse en:

- Informativas: as que facilitan o intercambio de información sobre datos, modificacións e outros contidos do servizo. Inclúense nestas comunicacións aspectos que a Excm. Deputación Provincial de Lugo, determine de interese para o maior.
- Por urxencias: as que se producen por situacións que implican risco para a integridade física, psíquica ou social da persoa usuaria ou do seu ámbito. Requiren a actuación e, se é o caso, mobilización de recursos propios do usuario/a, recursos sociais ou sanitarios, de urxencias ou de forzas de seguridade.

Artigo 19. Ausencias, suspensións e baixas do servizo.

1. Ausencias domiciliarias. Cando se prevea por parte do usuario unha ausencia no domicilio durante un tempo limitado ou previsiblemente breve (non superior a 1 mes) deberá comunicar tal circunstancia aos servizos sociais do concello ao que pertenza e/ou Servizo de Benestar Social da Excm. Deputación Provincial de Lugo.
2. Suspensións temporais. O usuario, o persoa que o represente, deberá comunicar a ausencia do usuario/a do seu domicilio durante un período que supere o prazo ininterrompido dun mes aos servizos sociais do concello ao que pertenza e/ou Servizo de Benestar Social da Excm. Deputación Provincial de Lugo.
3. Baixas do servizo. As baixas no Servizo de Teleasistencia Social no Fogar poden obedecer a:
 - a) Falecemento do usuario.
 - b) A petición do/a traballador/a social ou persoa responsable do concello en materia de servizos sociais e a través da correspondente comunicación ao Servizo de Benestar Social da Excm. Deputación de Lugo, cando se constaten un cambio nas circunstancias persoais, familiares, económicas ou domiciliarias que leve consigo a perda dos requisitos esixidos para a prestación do servizo.
 - c) A petición do usuario/a ou dos seus familiares, en caso de incapacitación legal daquel/a.
 - d) Por actuacións fraudulentas respecto do servizo.
 - e) Por non utilizar correctamente o servizo conforme ás indicacións dos responsables da xestión ou obstaculizar o seguimento e comprobación do funcionamento do sistema.

Por traslado a outro municipio fóra da área de cobertura do Servizo de Teleasistencia no Fogar da Excm. Deputación de Lugo.
 - h) Por ingreso en centro residencial, pasado o período de adaptación.

Cando se produza unha baixa provisional (por traslado do usuario/a á casa de familiares, por ingreso en hospital, etc.), se este supera o tempo máximo de reserva de praza que será de tres meses.
 - k) No caso de que a unha persoa incluída no programa non se lle instale e active o dispositivo por causa a el imputable no prazo dos 15 días seguintes á notificación da concesión, decaerá no seu dereito.
 - l) No caso de ingreso hospitalario e para os efectos de baixa no servizo, e antes de proceder ao seu trámite, deberán comprobarse previamente cos servizos sociais municipais a situación particular do usuario/a.
 - m) Por concorrer algunha das circunstancias de incompatibilidade co Servizo de Teleasistencia Social no Fogar.

n) Por outras causas graves que imposibiliten o dificulten gravemente a prestación do servizo.

Artigo 20. Modificacións do usuario.

1) Modificación polo recoñecemento de dependencia

- Cando a un usuario/a do Servizo de Teleasistencia Social no Fogar lle sexa recoñecida a dependencia, de acordo co previsto na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, deberá solicitar o Servizo de Teleasistencia para dependentes, mantendo a condición de beneficiario/a deste servizo provincial mentres a Xunta de Galicia non lle outorgue e instale o novo dispositivo dependente da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, momento no que causará baixa no Servizo de Teleasistencia Social no Fogar da Excm. Deputación Provincial de Lugo.
- No caso que nun mesmo fogar, un dos usuarios/as con UCR, se lle recoñecera a dependencia, poderá seguir sendo beneficiario/a deste servizo principal, pasando, en todo caso, a ser beneficiario/a principal aquel usuario/a que non ten recoñecida dita dependencia.

2) Modificación por cambio de domicilio:

- No mesmo concello. Cando unha usuario/a cambie de domicilio dentro do seu concello terá a obriga de comunicar esta circunstancia aos servizos sociais comunitarios do concello onde se atope empadroado e á Excm. Deputación Provincial de Lugo. Cando a xestión do servizo se preste de maneira indirecta estes cambios deberánselle comunicar á entidade xestora, que actualizará os datos relativos aos usuarios/as relacionados co servizo (tipo de vivenda, etc).
- Noutro concello. Cando o cambio de domicilio sexa por un período superior aos 3 meses, o usuario/a manterá a condición de usuario/a sempre e cando, o concello de destino este dentro dos límites de actuación deste servizo provincial e o usuario se empadroe no mesmo, tendo como máximo un mes de prazo para solicitar tal trámite. No caso de que o/a usuario/ se trasladase a outro concello por un período superior a tres meses e non fixera a solicitude de empadramento ou non estivera empadroado no mes seguinte, será dado de baixa, decaendo o seu dereito de condición de usuario dado de alto.

3) Modificación da persoa de contacto designada

- Cando a persoa de contacto designada, coa que se poida contactar en caso de necesidade e que, a súa vez, teña acceso ás chaves da vivenda do usuario/a, para a súa utilización no caso de necesidade de acceso nunha emerxencia, sufra algunha modificación, deberá ser comunicada tal incidencia aos servizos sociais comunitarios do concello onde se atope empadroado e á Excm. Deputación Provincial de Lugo. Cando a xestión do servizo se preste de maneira indirecta estes cambios deberán comunicárselle á entidade xestora, quen actualizará os datos relativos á persoa designada de contacto dos usuarios/as relacionados co servizo, coa maior urxencia posible.
- No caso de que a persoa de contacto designada varíe ou sufra modificacións (teléfono de contacto, residencia, etc.) deberá comunicárselle tal incidencia aos servizos sociais comunitarios do concello onde se atope empadroado e á Excm. Deputación Provincial de Lugo. Cando a xestión do servizo se preste de maneira indirecta estes cambios deberán comunicárselle á entidade xestora, quen actualizará os datos, coa maior urxencia posible.

Artigo 21. Recursos necesarios para a prestación do servizo.

Para unha correcta prestación do servizo, tendo en conta a normativa aplicable respecto aos dispositivos de teleasistencia, a normativa ambiental vixente relativa a aparatos eléctricos e electrónicos, así como, a restante normativa aplicable. Para a prestación do Servizo de Teleasistencia no Fogar contarase con:

- a) Centro de Atención da Teleasistencia (CAT), que é o encargado de dar cobertura ao servizo de teleasistencia e ser responsable da recepción e emisión das comunicacións e avisos enviados dende os equipamentos instalados nos domicilios das persoas usuarias (Terminal, UCR, sistemas periféricos). Estará provisto da tecnoloxía (software de xestión de servizo, hardware, servidores, etc.) con capacidade para procesar as comunicacións e avisos e proporcionar aos operadores información sobre o dispositivo que as xerou.
- b) Terminal de Teleasistencia Domiciliaria (TTD). Dispositivo que se instala no domicilio da persoa usuaria conectado á rede eléctrica e á liña telefónica.
- c) Unidade de Control Remoto (UCR). É o elemento que transmite o sinal codificado vía radio ao terminal dende calquera parte do domicilio. Disporá dun botón recoñecible ao tacto, de accionamento sinxelo e protexido contra activacións accidentais, cuxa pulsación desencadee a activación do sistema de forma que o usuario poida entrar en contacto, en modo conversación "mans libres" co CAT. Se a unidade de control remoto é do tipo colgante ao colo, incorporará un mecanismo de auxilio fronte a tensións mecánicas (anti-estrangulamento). Terá un sistema de identificación de forma que a pulsación do botón transmita ao terminal un código diferenciable dos asociados a outras unidades de control remoto ou dispositivos periféricos que poidan operar baixo o mesmo terminal.

TÍTULO III. COLABORACIÓN INTERADMINISTRATIVA

Artigo 22. Adhesión dos concellos ó servizo.

Os concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Lugo que non estiveran adheridos ao Servizo de Teleasistencia no Fogar da Deputación de Lugo poderán solicitalo mediante a presentación por calquera dos medios previstos no artigo 38.4 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común dunha solicitude acompañada dun certificado do secretario/a no cal conste que mediante resolución da alcaldía acordouse adherirse ao servizo de Teleasistencia no fogar da Deputación de Lugo, asumindo as obrigas e compromisos que este servizo implica para o concello solicitante.

Mediante Resolución da Presidencia desta Deputación, denegarase a adhesión daquelas entidades cuxa solicitude non se axuste ao establecido na presente ordenanza ou no modelo de adhesión, en caso contrario a Deputación resolverá favorablemente tal petición.

Concluído o trámite anterior, os usuarios/as interesados/as poderán dirixirse aos servizos sociais comunitarios dos seus respectivos concellos en demanda do Servizo de Teleasistencia no Fogar da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

Artigo 23. Obrigas dos concellos adheridos ao servizo.

As obrigas dos concellos que se adhiran ao servizo serán as seguintes:

- a) Cumprir o procedemento e realizar as actuacións administrativas establecidas na presente ordenanza para a tramitación de solicitudes do servizo, e as instrucións que para a súa aplicación se poidan desenvolver pola Deputación Provincial.
- b) Colaborar activamente nos protocolos de seguimento e avaliación do servizo que se desenvolvan pola Deputación de Lugo así como no control do bo funcionamento do sistema de Teleasistencia.
- c) A aceptar aos usuarios/as que estean dados de alta no Servizo de Teleasistencia no Fogar da Excm. Deputación Provincial de Lugo, con motivo dun traslado de domicilio que implique un cambio de concello, sempre que estes estean empadroados ou cando menos teñan a feita a solicitude de empadramento, no novo concello.
- d) Facilitarlle á Deputación de Lugo os datos que lle fosen requiridos e que se refiran a peticionarios ou usuarios/as do servizo, así como, comunicarlle á Deputación, de forma inmediata, calquera variación que coñezan en relación coas circunstancias que motivaron a adxudicación do servizo a favor dalgún usuario.
- e) Cumprir as normas de publicidade e información sobre o servizo que se definan dende a Deputación co fin de identificar a este servizo como servizo provincial.

Artigo 24. Coordinación coa Xunta de Galicia

Dende a Deputación de Lugo estableceranse os canles necesarios para colaborar coa Xunta de Galicia co obxecto de evitar duplicidades na prestación do Servizo de Teleasistencia. Esta colaboración, regularase na forma que ambas administracións implicadas o consideren oportuno, facendo fincapé na axilidade no trámite de consulta e respectando a normativa en materia protección de datos e servizos sociais.

Disposición transitoria 1ª.

Os concellos da provincia de Lugo de menos de 20.000 habitantes que na data de entrada en vigor da presente ordenanza xa estivesen adheridos ao Servizo de Teleasistencia domiciliaria da Excm. Deputación Provincial de Lugo, a través do Convenio de Colaboración Marco entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e os Concellos da provincia de Lugo para o desenvolvemento dun programa de teleasistencia, entenderanse automaticamente adheridos ao novo Servizo de Teleasistencia Social no Fogar, sen necesidade de ningún trámite, ata tanto non manifesten expresamente a súa vontade de separarse do Servizo.

Os concellos da provincia de Lugo que teñan 20.000 o máis habitantes que na data de entrada en vigor da presente ordenanza estivesen adheridos ao Servizo de Teleasistencia domiciliaria da Excm. Deputación Provincial de Lugo, a través do Convenio de Colaboración Marco entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e os Concellos da provincia de Lugo para o desenvolvemento dun programa de teleasistencia, lle será de aplicación a presente ordenanza, en relación cos usuarios que consta de alta no Servizo, non podendo incluír novas altas ao mesmo.

Disposición transitoria 2ª.

Aquelas persoas que na data de entrada en vigor da presente ordenanza fosen usuarias do servizo de teleasistencia da Excm. Deputación Provincial de Lugo, entenderanse automaticamente adscritas ao novo servizo, sen necesidade de ningún trámite, séndolles de aplicación integramente o disposto nesta ordenanza, incluídos aqueles usuarios/as que non pertencen ao concellos de menos de 20.000 habitantes, en tanto non poidan acceder a outro servizo de teleasistencia prestado pola administración competente.

As persoas que voluntariamente queiran causar baixa neste servizo por entender que non precisan do recurso e/ou non desexan asumir as obrigas que se derivan desta ordenanza, poderán solicitar a súa baixa en calquera momento conforme co establecido no artigo 19.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango xerárquico que contradigan, se opoñan ou resulten incompatibles co establecido na presente ordenanza. En particular, queda derogada e sen efecto a ordenanza para a prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria publicada no BOP de Lugo o luns 18 de decembro de 2006.

Disposición final

A presente ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sempre que transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

ANEXO I. SOLICITUDE DO SERVIZO TELEASISTENCIA SOCIAL NO FOGAR

Don/dona _____ (nome e apelidos do solicitante do Servizo de Teleasistencia no Fogar) _____, con DNI (nº DNI o documento de estranxeiría) _____ e domicilio a efectos de notificación en _____, no concello de _____ da provincia de Lugo e número de teléfono _____ solicita o Servizo de Teleasistencia Social no Fogar dependente da Excm. Deputación Provincial de Lugo:

Datos dos familiares cos que convive:

Apelidos e nome	DNI/pasaporte/tr	Relación co solicitante

Pola presente, **SOLICITO** ser incluído/a no Programa de Teleasistencia Social no Fogar da Excm. Deputación Provincial de Lugo en concepto de **USUARIO PRINCIPAL** (titular), e designo aos seguintes **BENEFICIARIOS** (apelidos, nome, DNI):

- **Beneficiarios/as con UCR** (con unidade de control remoto adicional): Nome e apelidos, DNI, relación co usuario/a principal: (a cumprimentar pola administración)

	Nome e apelidos	DNI/pasaporte/tr	Relación co usuario principal
1			
2			

- **Beneficiarios/as sen UCR** (con unidade de control remoto adicional): Nome e apelidos, DNI, relación co usuario/a principal: (a cumprimentar pola administración)

	Nome e apelidos	DNI/pasaporte/tr	Relación co usuario principal
1			
2			

- Declara baixo a miña responsabilidade **NON TER RECOÑECIDO NINGÚN GRAO DE DEPENDENCIA** no marco da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
- Declaro baixo a miña responsabilidade **TER UNHA PERSOA DESIGNADA DE CONTACTO** para poder ser beneficiario do servizo que co este documento solicito, que facilitarei no caso de serme concedido dito servizo. No caso de non facelo, cando así se me solicite, entenderásese desistido o dereito adquirido.

En _____, a _____ de _____ de 201__.

Asdo.: (nome e apelidos do/a solicitante do Servizo de Teleasistencia no Fogar)

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

- ANEXO I. SOLICITUDE DO SERVIZO TELEASISTENCIA SOCIAL NO FOGAR
- ANEXO II. INFORME SOCIAL
- ANEXO III. BAREMO ÚNICO PROVINCIAL
- FOTOCOPIA DNI/PASAPORTE
- FOTOCOPIA TARXETA SANITARIA
- CERTIFICADO DE EMPADROAMENTO
- NO SUPOSTO DE QUE O DESTINATARIO/a DO SERVIZO DE TELEASISTENCIA SOCIAL NO FOGAR ESTEA CON UNHA INCAPACITACIÓN, ACHEGARASE: NOME E APELIDOS, FOTOCOPIA DO DNI E SINATURA DO SEU REPRESENTANTE LEGAL (RECOÑECIDO POR RESOLUCIÓN XUDICIAL).
- CERTIFICADO O DOCUMENTACIÓN XURIDICAMENTE VÁLIDA NO QUE CONSTE O GRAO DE DISCAPACIDADE.
- OUTROS QUE CONSIDERE OPORTUNOS PARA A SÚA AVALIACIÓN PARA O ACCESO AO SERVIZO

ANEXO II. INFORME SOCIAL

Dona/don _____. (nome e apelidos do traballador/a social) _____, en calidade de traballador social co número de colexiada/o _____ traballador/a da administración local _____, no enderezo a efectos de notificación en _____ (enderezo notificación) _____, e teléfono de contacto _____ informo en referencia a don/a (nome e apelidos do solicitante do Servizo de Teleasistencia no Fogar), con DNI _____ e enderezo _____ (enderezo solicitante) _____, CP: _____ no concello de _____ da provincia de Lugo, aos efectos de solicitar o Servizo de Teleasistencia Social no Fogar dependente da Excm. Deputación Provincial de Lugo, informa do seguinte xeito:

Membros da unidade de convivencia:

Nome e apelidos	Relación co usuario/a principal	Data nacemento	Tempo no fogar

Nivel de relación:

	Relacións veciñais			Relacións amigos			Relacións familiares		
	B	M	R	B	M	R	B	M	R
Títular:									
Beneficiario/a 1:									
Beneficiario/a 2:									
Beneficiario/a 3:									

Nota:

B= Adecuadas en número. Continuas. Con calidade

R= Relacións esporádicas. Acoden Irregularmente. Apoio inefectivo

M= Inexistentes, sen relacións. Sen posibilidade de apoio efectivo

Recursos sociais de apoio:

	SI	NON	Nº horas semanais
Servizo de Axuda no Fogar			
Outros	Especificar:		

Outros datos de interese relacionados co motivo do informe:

Valoración profesional:

Proposta:

En _____ , a _____ de _____ de 201__ .

Traballador/a social nº colexiado: _____ da entidade local (concello a cal pertence ou deputación)

Asdo.:

ANEXO III. BAREMO ÚNICO PROVINCIAL

Dona/don _____ (nome e apelidos do traballador/a social) _____, en calidade de traballador social da administración local _____, co número de colexiada/o _____ informo en referencia a don/a _____ (nome e apelidos do solicitante do Servizo de Teleasistencia no Fogar) _____ con DNI _____, aos efecto de solicitar o Servizo de Teleasistencia Social no Fogar dependente da Excma. Deputación Provincial de Lugo, informa do seguinte xeito:

BAREMO ÚNICO PROVINCIAL	VALORACIÓN	PUNTUACIÓN ASIGNADA
I Saúde e autonomía (máximo 25 puntos)		
1 Idade (máximo 7 puntos)		
menos de 65 anos	1 punto	
de 65 ata 69 anos	2 puntos	
de 70 ata 75 anos	3 puntos	
de 76 ata 80 anos	4 puntos	
de 81 ata 85 anos	5 puntos	
de 86 ata 90 anos	6 puntos	
máis de 91 anos	7 puntos	
2 Autonomía persoal (máximo 18 puntos)		
2.1 Grao de discapacidade (acreditarse mediante certificado): máximo 3 puntos		
do 33% ata o 66%	1 punto	
do 65% ata 75%	2 puntos	
máis do 75%	3 puntos	
2.2. Grao de autonomía: (máximo 9 puntos)		
2.2.1 Grao de mantemento de coidados da súa saúde (seguir prescricións médicas, tanto de medicacións, como de hábitos de vida, axenda médica, etc)): máximo 3 puntos		
ten autonomía total	1 punto	
necesita apoio puntual	2 puntos	
necesita apoio	3 puntos	
2.2.2 Grao de autonomía no uso do teléfono: máximo 3 puntos		
ten autonomía total	1 punto	
necesita apoio puntual	2 puntos	

BAREMO ÚNICO PROVINCIAL	VALORACIÓN	PUNTUACIÓN ASIGNADA
necesita apoio	3 puntos	
2.2.3 Grao de autonomía na toma de decisións : máximo 3 puntos		
ten autonomía total	1 punto	
necesita apoio puntual	2 puntos	
necesita apoio	3 puntos	
2.3. Situación de vivencia psicolóxica en relación coa soidade: máximo 6 puntos		
Vive a soidade con tranquilidade	1 punto	
Vive a soidade con inquietude	3 puntos	
Vive a soidade con ansiedade	6 puntos	
Subtotal I		
II Situación social (máximo 20 puntos)		
1. Unidade de convivencia (máximo 12 puntos)		
persoas que viven con familiares e non permanecen moito tempo solos	3 punto	
persoas que viven con familiares e permanecen moito tempo solos	6 puntos	
persoas que viven solas	9 puntos	
persoas que viven con familiares que carezan de autonomía ou presentes dificultades físicas, psíquicas o sensoriais	12 puntos	
2. Prestación apoio por parte de familia , veciños, etc (máximo 8 puntos)		
recibe prestación de apoio diaria	2 punto	
recibe prestación de apoio semanal	4 puntos	
recibe prestación de apoio esporádico	6 puntos	
non recibe	8 puntos	
Subtotal II		
III Vivenda (máximo 16 puntos)		
1 Ámbito da vivenda: máximo 8 puntos		
vivenda urbana	2 puntos	
vivenda urbana extraradio	4 puntos	
núcleo rural	6 puntos	
vivenda rural illada	8 puntos	
2 Accesibilidade vivenda (barreiras arquitectónicas ou características da vivenda, internas ou externas, que poidan supoñer un risco de accidente		

BAREMO ÚNICO PROVINCIAL	VALORACIÓN	PUNTUACIÓN ASIGNADA
doméstico): máximo 8 puntos		
boa: non existe barreiras/riscos	0 puntos	
regular: existencia dalgunha barreira mellorable da vivenda	2 puntos	
mala: dificultades de acceso ou algunha deficiencia na vivenda	6 puntos	
moi deficiente: graves deficiencias acceso ou na vivenda	8 puntos	

Subtotal III**IV Valoración de carácter psicosociosanitario (máximo 18 puntos)**

Valoración psicosociosanitaria																			
1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18		
Baixa necesidade						Moderada necesidade						Alta necesidade							

Subtotal IV**TOTAL BAREMO ÚNICO PROVINCIAL (máximo 79)**

BAREMO ÚNICO PROVINCIAL	PUNTUACIÓN ASIGNADA
I Saúde e autonomía (máximo 25 puntos)	
II Situación social (máximo 20 puntos)	
III Vivenda (máximo 16 puntos)	
IV Valoración de carácter psicosociosanitario (máximo 18 puntos)	
TOTAL BAREMO ÚNICO PROVINCIAL (máximo 79)	

En _____, a _____ de _____ de 201__.

Traballador/a social nº colexiado: _____ da entidade local (concello a cal pertence ou deputación)

Asdo.:

ANEXO IV. AUTORIZACIÓN E COMPROMISO DE USUARIO/A

Don/dona _____ (nome e apelidos do usuario do Servizo de Teleasistencia no Fogar) _____, con DNI _(nº DNI o documento de estranxeiría) e domicilio a efectos de notificación en, no concello de _____ da provincia de Lugo e número de teléfono beneficiario/ do Servizo de Teleasistencia Social no Fogar dependente da Excma. Deputación Provincial de Lugo:

AUTORIZO á Excma. Deputación Provincial de Lugo para:

- a) A utilización de todos aqueles datos de carácter persoal (incluídos os socio-sanitarios) facilitados á Deputación de Lugo coa presentación da solicitude. Estes datos quedarán baixo a custodia do Servizo de Benestar, arquivados nun ficheiro informático, e serán tratados de maneira confidencial, nos termos previstos na Lei Orgánica 5/1999, de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.
- b) A instalación no seu domicilio do terminal de teleasistencia (TTD), que será conectado á rede eléctrica e á liña telefónica, e para o cal permitirá a entrada do persoal da empresa adxudicataria do servizo de teleasistencia.
- c) Así mesmo, permitir a entrada no seu domicilio do persoal da empresa adxudicataria cando se produza calquera incidencia no servizo (interrupción temporal da sinal da UCR por causas diversas; sinais repetitivas; avaría do aparato, etc), facilitando unha rápida xestión. O persoal da empresa realizará a instalación procurando a menor intromisión posible no dereito a intimidade persoal do usuario.
- d) Autorizar á (s) persoa(s) designada(s) na solicitude, sexa usuario-beneficiario con UCR ou sen UCR, para que dispoña dunha copia das chaves da súa vivenda, para permitir o acceso ante posibles situacións de emerxencia.

COMPROMÉTOME a:

- a) Usar de xeito adecuado o equipo de teleasistencia, procurando o seu bo estado, e a manter operativa a liña telefónica.
- b) Comunicar ao Concello ou á Deputación de Lugo calquera incidencia no correcto funcionamento do sistema.
- c) Comunicar calquera variación nas circunstancias persoais ou sanitarias que motivaron á concesión do servizo; en especial comunicar as ausencias do domicilio (*as ausencias superiores a 1 mes conlevarán a suspensión temporal do servizo*).
- d) Colaborar nas probas periódicas ou revisións que a Deputación Provincial de Lugo ou a empresa adxudicataria poidan realizar coa finalidade de asegurar o correcto funcionamento do equipo e do servizo.

DECLARA BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- a) **NON TER RECOÑECIDA DEPENDENCIA** no marco da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
- b) **TER UNHA PERSOA DE CONTACTO DESIGNADA** para poder ser beneficiario do servizo, que facilitarei cando así se me solicite, entendendo que de non facelo entendo por desistido o meu dereito adquirido.

En _____, a _____ de _____ de 201__.

Asdo.: (nome e apelidos do usuario do Servizo de Teleasistencia no Fogar)

**PARTE DE INCIDENCIAS
SERVIZO DE TELEASISTENCIA SOCIAL NO FOGAR**

Usuario, d./dna.

Teléfono/móbil: /

Concello:

AUSENCIA DOMICILIARIA (causas previstas no art. 19.1 da Ordenanza. Períodos que non superen 1 mes):

DATA	CAUSA

SUSPENSIÓN TEMPORAL (causas previstas no art 19.2. Ordenanza):

DATA SUSPENSIÓN	CAUSA	PERÍODO SUSPENSIÓN	¿REINICIO?/Data

BAIXA DEFINITIVA (algunha das causas previstas no art. 19.3. da Ordenanza, causa e data):

DATA	CAUSA

RETIRADA DO EQUIPO (data e lugar) :

DATA	CAUSA

RENUNCIA do usuario (data):

DATA	CAUSA

En _____, a _____ de _____ de 201__ .

Traballador/a social nº colexiado: _____ da entidade local (concello a cal pertence ou deputación)

Asdo.: _____

MODELO DE SOLICITUDE DE ADHESIÓN (DA ENTIDADE LOCAL CORRESPONDENTE) AO SERVIZO DE TELEASISTENCIA SOCIAL NO FOGAR DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO:

Don/a _____, con DNI _____ en calidade de Alcalde/sa-
Presidente/a do Concello de _____ co NIF _____,
domicilio a efectos de notificación en _____, da provincia de Lugo, e teléfono de
contacto _____, **SOLICITA:**

A adhesión do Concello de _____ ao Servizo de Teleasistencia Social no Fogar da Excma.
Deputación Provincial de Lugo, comprometéndose a cumprir coas disposicións da súa Ordenanza reguladora
(Ordenanza de data x, BOP nº) e, particularmente, coas obrigas previstas no seus *artigos 22. Adhesión dos
concellos ó servizo e artigo 23. Obrigas dos concellos adheridos ao servizo.*

E para que conste e aos efectos oportunos, achegase certificado do secretario/a do concello da Resolución da
Alcaldía na que se acorda solicitar a adhesión a este Servizo de Teleasistencia Social no Fogar da Excma.
Deputación Provincial de Lugo.

Lugo, a _____ de _____, de 201__.

(O cargo do/a representante da entidade local)

Asdo.: (nome e apelidos e selo da entidade local)

ÁREA DE CULTURA, PATRIMONIO HISTÓRICO E ARTÍSTICO E ARTESANÍA E DESEÑO

Anuncio

BASES DA CONVOCATORIA PARA A INSCRIPCIÓN, ADMISIÓN E SELECCIÓN DOS E DAS ARTESÁS PARTICIPANTES NA MOSTRA DE ARTESANÍA “ARTESANFROILÁN”, 2016 DA ÁREA DE CULTURA, PATRIMONIO HISTÓRICO E ARTÍSTICO, E ARTESANÍA E DESEÑO

PRIMEIRA: OBXECTO DA CONVOCATORIA

As presentes bases teñen como obxecto regular as normas e condicións de participación dos e das artesás na XX edición da mostra ARTESANFOILÁN organizada pola Área de Cultura, Patrimonio Histórico e Artístico, e Artesanía e Deseño da Deputación de Lugo (en adiante Área de Cultura da Deputación de Lugo).

SEGUNDA: PARTICIPANTES

A presente convocatoria está aberta a todas e todos os artesáns para participar na XX edición da mostra Artesanforilán, para o cal todas as persoas interesadas deberán cumprir os requisitos establecidos nas presentes bases.

Para os efectos destas bases, poderán participar os e as artesáns que realicen calquera actividade recollida no Anexo IV do Decreto 218/2001, de 7 de setembro polo que se refunde a normativa vixente en materia de artesanía, agás os que realicen actividades da súa división 15 (Industrias de produtos alimenticios e bebidas).

A participación nesta Mostra está reservada a artesás e artesáns cuxa produción sexa exclusivamente de creación e produción propia, e cuxo material responda ao proceso de transformación e elaboración dunha determinada materia prima; entendéndose este proceso como un cambio substancial na referida materia.

TERCEIRA: LUGAR, DATA E CARACTERÍSTICAS

A mostra desenvolverase na praza Anxo Fernández Gómez de Lugo, entre os días 4 e 12 de outubro de 2016, en horario de 11:00 h. a 14:00h. e de 17:00 a 21:00h.

Os postos disporán de iluminación e contarán cunha saída de luz para o uso do artesán/artesá expositor

CUARTA: CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN

As persoas interesadas en participar na mostra Artesanfroilán deberán presentar a solicitude coa documentación requirida no prazo e forma establecida nas presentes bases.

Poderán participar individualmente ou conxuntamente, en cuxo caso deberase indicar expresamente na solicitude, e en consecuencia deberán achegar a documentación correspondente e esixible a cada participante.

No suposto de participación conxunta e, de acordo coas indicacións na solicitude, o posto poderase compartir por un máximo de dous artesáns/artesás.

En todo caso, aqueles artesáns/artesás que decidan participar conxuntamente, deberán cumprir, respectivamente e por separado, todos e cada un dos requisitos esixidos. O incumprimento dos referidos requisitos por parte de un dos dous participantes da solicitude de participación conxunta non invalidará a admisión daquel que si os cumpra, debendo adaptarse as circunstancias derivadas desa situación, de xeito que non implique deterioro na imaxe e desenvolvemento da mostra. Nese sentido, a Área de Cultura poderá ditar as instrucións precisas para o mellor desenvolvemento e execución da feira.

A mostra estará formada por 25 casetas de 3X 2 m cada unha delas e con cadro eléctrico.

Asegurar nas súas casetas as necesarias condicións de limpeza, hixiene, atención ao cliente, durante os días que dure a feira. Os traballos de acondicionamento da caseta de cada expositor deberán estar concluídos o día 4 de outubro ás 10:00 horas. O desmonte e retirada dos elementos de cada caseta deberá realizarse como máximo ás 9:00 horas do 13 de outubro.

O expositor comprométese a manter aberta a caseta no horario fixado para a feira e ter polo menos unha persoa á fronte do mesmo, que representará ao/a solicitante.

Así mesmo, comprométese a non ceder ou transferir en ningún caso a terceiros, os dereitos de participación concedidos pola organización.

A Área de Cultura da Deputación de Lugo será a encargada de definir a organización e colocación dos postos de acordo coas solicitudes presentadas, na perspectiva da correcta imaxe e execución da mostra e da óptima presentación da oferta artesanal que se promove.

A Deputación de Lugo resérvase o dereito de instar á retirada inmediata no transcurso da Mostra de aqueles produtos que non cumpran os requisitos recollidos nas Bases, ou daquela oferta expositiva que por razóns acreditadas puidera supoñer dano ou prexuízo para o contido ou mensaxe da mostra da propia Deputación de Lugo.

Na consideración do deber da Administración Pública de promoción do uso da lingua galega, a lingua de uso da mostra será o idioma galego.

A Mostra terá contratada unha póliza de seguro de responsabilidade civil. De igual xeito, as persoas adjudicatarias deberán ter subscrita tamén unha póliza de responsabilidade civil para a actividade que desenvolvan.

